III CONVOCATORIA CitasTIC: DIVULGACIÓN NO CITIC

O Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (CITIC) da Universidade da Coruña (UDC), co fin de contribuír á difusión dos resultados de investigación do seu persoal investigador, publica as bases da III Convocatoria de CitasTIC: divulgación no CITIC.

1. OBXECTO

O obxecto desta convocatoria é apoiar o persoal investigador do CITIC nas tarefas de divulgación que permitan achegar ao público xeral os contidos do seu labor de investigación. Para iso, a partir das propostas, elaboraranse materiais didácticos e paneis para seren utilizados en obradoiros, visitas a centros educativos, eventos organizados polo CITC ou a UDC, etc.

2. PERSOAS BENEFICIARIAS

Persoal investigador adscrito ao CITIC da UDC.

3. DEBERES DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

1. As persoas beneficiarias deberán colaborar coa comisión de divulgación do CITIC no deseño do material.

2. As persoas beneficiarias deberán comprometerse a asistir a dúas das feiras nas que participe o CITIC (por exemplo, en maio celébrase o "Día da Ciencia na Rúa" na Coruña, en xuño celébrase "Cullerciencia" no Burgo e en setembro celébrase a Gnight na Coruña) durante un tempo aproximado de dúas horas.

4. CONDICIÓNS DE EXECUCIÓN DA ACTIVIDADE

1. O CITIC asumirá o gasto da elaboración do material.

2. Para as propostas seleccionadas, a persoa solicitante obterá unha certificación da súa participación. No panel aparecerán os nomes de ata cinco persoas investigadoras.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1. A presentación das solicitudes realizarase de acordo coas instrucións e os modelos establecidos na convocatoria (ANEXO I: formulario de solicitude). As persoas participantes deberán cargar o ANEXO I neste espazo compartido:

https://forms.cloud.microsoft/e/n6PUJi99ec

2. O prazo comezará o día seguinte á data de publicación da convocatoria na Sede Electrónica da UDC e estará aberto ata as 14:00 horas do día **23 de novembro de 2026.**

Código Seguro De Verificación	Ff9FJUQrmJN6rmOsIcVYiw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a - Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC) - Manuel Francisco González Penedo	Asinado	05/11/2026 10:17:38
Observacións		Páxina	1/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Ff9FJUQrmJN6rmOsIcVYiw%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

6. AVALIACIÓN E SELECCIÓN

1. O procedemento de avaliación das solicitudes realizarase nunha única fase, despois de que as persoas solicitantes acheguen a información necesaria para avaliar a proposta de acordo cos requisitos da convocatoria.

2. A avaliación da solicitude será realizada por unha comisión de avaliación, mediante a comparación das solicitudes segundo os criterios establecidos.

3. A comisión de avaliación estará composta polas seguintes persoas:

- Presidenta: Adriana Dapena Janeiro, presidenta da Comisión de Divulgación do CITIC.
- Vogais: Unha persoa externa ao CITIC con experiencia en divulgación científica.
- Secretaría: Unha persoa membro da Comisión de Divulgación do CITIC que non elaborase nin figure nas propostas desta convocatoria.

4. A comisión de avaliación poderá contar co asesoramento técnico que precise para avaliar as solicitudes.

5. Quedarán excluídas da avaliación as solicitudes que non se axusten aos obxectivos xerais da convocatoria.

6. A decisión da comisión de avaliación é inapelable.

6. CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES

A comisión de avaliación ponderará cada solicitude tendo en conta os seguintes criterios:

a) Interese da proposta para a cidadanía (5 puntos).
b) Introdución da perspectiva de xénero (2 puntos).
c) Creatividade e calidade das actividades (2 puntos).
d) Multidisciplinariedade e interdisciplinariedade (1 punto).

Nesta convocatoria, seleccionaranse as dúas propostas con maior puntuación. Se fose viable, poderíase aumentar este número con dúas propostas adicionais.

7. RESOLUCIÓN

A dirección do CITIC publicará a resolución na páxina web do CITIC.

8. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos, RGPD), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informámoslle de que os datos que a persoa interesada facilite ao concorrer a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son:

Código Seguro De Verificación	Ff9FJUQrmJN6rmOsIcVYiw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a - Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC) - Manuel Francisco González Penedo	Asinado	05/11/2026 10:17:38
Observacións		Páxina	2/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Ff9FJUQrmJN6rmOsIcVYiw%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

Mediante a participación nesta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude na web do CITIC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD.

A resolución desta convocatoria permanecerá publicada na devandita web. Os datos persoais conservaranse mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD. A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir a finalidade descrita nesta convocatoria e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos.

Ten dereito a solicitar á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento.

Código Seguro De Verificación	Ff9FJUQrmJN6rmOsIcVYiw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a - Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC) - Manuel Francisco González Penedo	Asinado	05/11/2026 10:17:38
Observacións		Páxina	3/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Ff9FJUQrmJN6rmOsIcVYiw%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

ANEXO I: FORMULARIO DE SOLICITUDE

Nome e apelidos da persoa de contacto (adscrita ao CITIC):

Correo electrónico:

Número de teléfono:

Título da proposta para a infografía (máximo de 5 palabras).

Área de investigación principal do CITIC na que se enmarca a proposta:

- Intelixencia artificial
- Ciencia e Enxeñaría de Datos
- Computación de altas prestacións
- Servizos e redes intelixentes
- Ciberseguridade.

Xustificación da interdisciplinariedade ou multidisciplinariedade (máximo 5 liñas):

Xustificación da inclusión da perspectiva de xénero (máximo 5 liñas):

PANEL DIRIXIDO AO PÚBLICO ADULTO

Proposta inicial para o deseño do panel tendo en conta o modelo do ANEXO II:

- Descrición xeral

Código Seguro De Verificación	Ff9FJUQrmJN6rmOsIcVYiw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a - Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC) - Manuel Francisco González Penedo	Asinado	05/11/2026 10:17:38
Observacións		Páxina	4/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Ff9FJUQrmJN6rmOsIcVYiw%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

- Investigación no CITIC (máximo 5 persoas):

- Fitos históricos.

- Persoa relevante.

- Outros elementos que considere necesario incluír.


PROPOSTA PARA A PARTICIPACIÓN EN FEIRAS

ACTIVIDADE 1 (inclúa unha por cada actividade): - Descrición das actividades que se realizarán nas feiras. - Público destinatario. - Xa dispón do material? - Se non dispón do material, cal sería o custo aproximado? - Necesidades xerais (conexión a internet, bases de enchufes, etc.).

Código Seguro De Verificación	Ff9FJUQrmJN6rmOsIcVYiw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a - Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC) - Manuel Francisco González Penedo	Asinado	05/11/2026 10:17:38
Observacións		Páxina	5/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Ff9FJUQrmJN6rmOsIcVYiw%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

ANEXO II

Modelo de referencia para o contido dos paneis.



citic
UNIVERSIDADE DA CORUÑA
XUNTA DE GALICIA
Red CIGUS
Cofinanciado por la Unión Europea
Fondos Europeos
PO FEDER Galicia 2021 - 2027
Operaciones financiadas por la Xunta de Galicia y la Unión Europea a través del Fondo Europeo de Desarrollo Regional con el objetivo temático de "Una Europa más inteligente: transformación económica innovadora".

Código Seguro De Verificación	Ff9FJUQrmJN6rmOsIcVYiw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a - Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC) - Manuel Francisco González Penedo	Asinado	05/11/2026 10:17:38
Observacións		Páxina	6/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Ff9FJUQrmJN6rmOsIcVYiw%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		